



ASUNTO: Informe da Conta Xeral do Concello de Ourense. Exercicio 2011.

1.- LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local. (LRBRL, en adiante).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. (TRLRFL, en adiante).
- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, regulamento orzamentario. (RDO, en adiante).
- Orde EHA/3565/2008 de 3 de decembro de 2008, que establece a nova estrutura orzamentaria. (OEHA, en adiante).
- Orde eha 4041/2004, de 23 de novembro, que aproba a Instrucción de modelo normal de Contabilidade Local. (ICL, en adiante).
- Real Decreto Lexislativo 2/2007, de 28 de decembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Estabilidade Orzamentaria (TRLO, en adiante).

2.- TRAMITACIÓN, APROBACIÓN E RENDICIÓN DA CONTA XERAL:

a) Formación:

As entidades locais, ó remate do exercicio orzamentario, formarán a conta xeral que poñerá de manifesto a xestión realizada nos aspectos económico, financeiro, patrimonial e orzamentario.

b) Rendición, publicidade e aprobación:

O procedemento de tramitación e aprobación das Contas anuais regúlase no artigo 212 do TRLRFL, e nas regras 97 e seguintes da ICL constando, basicamente, dos seguintes trámites:

- Formación pola Tesourería Municipal para ser dictaminada pola Comisión Especial de Contas antes do día 1 de xuño do exercicio seguinte ó que correspondan.
- Exposición ó público, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de 15 días, durante os cales e oito mais, os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións.
- Novo dictame da Comisión Especial de Contas unha vez practicadas cantas comprobacións estime oportunas.
- Elevación ó Pleno da Corporación para a súa eventual aprobación.
- Remisión o Consello de Contas da Conta Anual debidamente aprobada antes do 1 de outubro do exercicio seguinte ó que corresponde.

3.- CONTIDO:

O contido da Conta Xeral está regulado nas regras 97 a 104 da ICL constando das seguintes partes:



I.- Contas anuais que integran a Conta Xeral (regra 98 ICL).

BALANCE.

CONTA DO RESULTADO ECONOMICO PATRIMONIAL.

ESTADO DE LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO.

MEMORIA

1. Organización.
2. Xestión indirecta dos servizos públicos.
3. Bases de presentación das contas.
4. Normas de valoración.
5. Investimentos destinadas ó uso xeral.
6. Inmobilizacións inmateriais.
7. Inmobilizacións materiais.
8. Investimentos xestionados.
9. Patrimonio público do chan.
10. Investimentos financeiros.
11. Existencias.
12. Tesourería.
13. Fondos propios.
14. Información sobre o endebedamento.
 - Pasivos financeiros a longo e curto prazo.
 - Operacións de intercambio financeiro.
 - Avais concedidos.
15. Información das operacións por administración de recursos por conta de outros entes..
16. Información das operacións non orzamentarias de tesourería.
 - Debedores.
 - Acreedores.
 - Partidas pendentes de aplicación. Cobros.
 - Partidas pendentes de aplicación. Pagos.
17. Ingresos e gastos.
18. Información sobre valores recibidos en depósito.
19. Cadro de financiamento.
20. Información orzamentaria.
 - 20.1. Exercicio corrente:
 - A) Orzamento de gastos:
 - Modificacións de crédito.
 - Remanentes de crédito.
 - Execución de proxectos de gasto.



- Acreedores por operacións pendentes de aplicar ó orzamento.

B) Orzamento de ingresos:

- Proceso de xestión.
- Devolucións de ingresos.
- Compromisos de ingreso.

20.2. Exercicios pechados

- Obrigas de orzamentos pechados.
- Dereitos a cobrar de orzamentos pechados.
- Variación de resultados orzamentarios de exercicios pechados.

20.3. Exercicios porteiros.

- Compromisos de gasto con cargo a orzamentos de exercicios posteriores.
- Compromisos de ingreso con cargo a orzamentos de exercicios posteriores.

20.4. Gastos con financiación afectada.

20.5. Remanente de Tesourería.

21. Indicadores.

- A) Indicadores financeiros e patrimoniais.
- B) Indicadores orzamentarios
- C) Indicadores de xestión.

22. Acontecementos posteriores ó peche.

II - Documentación complementaria: (regra 101 ICL):

Á Conta Xeral acompañarase a seguinte documentación:

- Actas de arqueo das existencias en caixa e bancos referidas a fin de exercicio.
- Notas ou certificacións de cada entidade bancaria dos saldos existentes nas mesmas a favor da Entidade Local ou do Organismo Autónomo, referidos a fin de exercicio e agrupados por nome ou razón social da entidade bancaria.. En caso de discrepancia entre os saldos contables e os bancarios, aportarase o correspondente estado conciliatorio, autorizado polo interventor ou órgano da entidade local que teña atribuída a función de contabilidade.
- Contas anuais das sociedades mercantís no que a entidade local teña unha participación maioritaria.
- No caso de que o Pleno así o establecese, acompañaranse os estados integrados e consolidados das contas que se teñan determinado.
- Unha memoria xustificativa do custo e rendemento dos servizos públicos.
- Unha memoria demostrativa do grado en que se teñan cumprido os obxetivos programados con indicación dos previstos e acadados co coste dos mesmos.



4.- O BXETIVO E ALCANCE:

O obxectivo é realizar unha análise de forma sinxela, integrada e comprensible da información máis relevante no aspecto patrimonial, económico e financeiro resultante da Conta Xeral do Concello do exercicio 2011, e verificar que os estados contables preséntanse de acordo coas normas que lles son de aplicación.

O ámbito de aplicación da análise patrimonial, financeiro e económico é:

- Dende un enfoque subxetivo, o suxeito a analizar é a entidade local “Concello de Ourense”.
- O ámbito obxectivo da análise está formada basicamente polo conxunto de toda a información contable, en especial a recollida nos Estados e Contas Anuais que se integran na Conta Xeral.
- Respecto ó ámbito temporal, á análise realízase unha vez rematado o exercicio 2011.

O que se entende por análise económico financeiro dos estados contables locais é unha extensión das técnicas e instrumentos de análise tradicionalmente utilizados na actividade económica empresarial pero con unha limitación importante que é o feito de que as características e particularidades da Administración local impiden trasladar automaticamente as fórmulas, indicadores, ratios e, en xeral, os resultados obtidos no análise económico financeiro empresarial. A provisión de bens colectivos que se financian por vía impositiva, sin contraprestación directa en forma de precios, a ausencia de ánimo de lucro, a existencia dun procedemento xurídico administrativo que somete a actuación da Entidade ó dereito administrativo, a natureza dos bens de dominio público..., son características diferenciadoras que impiden a aplicación directa do análise empresarial ó ámbito público local.

A análise céntrase fundamentalmente nos estados seguintes:

1. Balance de situación.
2. Conta de resultados.
3. Liquidación do Orzamento.
4. Resultado orzamentario.
5. Remanente de Tesourería.
6. Estado demostrativo de débedas a cobrar e obrigas a pagar de exercicios pechados.
7. Estado de Tesourería.

LIMITACIÓNS Ó ANÁLISE:

Veñen determinadas polas seguintes circunstancias:

- Valoración irreal dos elementos de inmovilizado que se detallan no balance de situación e que están recollidos en contas do grupo 2 do PXCP.

Os importes recollidos nas contas do grupo 2 de inmovilizado (20 inversións destinadas o uso general, 21 mobilizacións inmateriais, 22 inmovilizacións materiais, 23 inversións xestionadas



para outros entes públicos, 24 patrimonio publico do chan) non se axustan á realidade, como se ven poñendo de manifesto todos os anos nos informes anuais das Contas Xerais.

Ata o exercicio 2006 non existía ningún importe imputado a contas do patrimonio municipal do chan, no exercicio 2007, en virtude do informe emitido por esta Tesourería con data 13 de marzo de 2008, para proceder o peche da contabilidade do exercicio 2007 efectuouse un asento directo no que se recollía na conta 249 “outros bens e dereitos do patrimonio do chan” e se daba de baixa na conta 201 “infraestructuras e bens destinados ó uso xeral” un importe de 8.234.751,10 euros que correspondían, según se detallaba no mesmo, ós importes imputados nos exercicios 2000 a 2006 nas partidas orzamentarias denominadas “Patrimonio público do chan” pero que contablemente apuntaban a conta 201 “infraestructuras e bens destinados ó uso xeral”. Deste xeito trátase que, sen especificar a natureza do ben por falta de información (terreo, construción, aproveitamento urbanístico), nas contas do Patrimonio Publico do Chan, concretamente na conta 249 “outros bens e dereitos do patrimonio do chan”, apareza recollido o importe que según as partidas orzamentarias de gastos correspondían a ben desta natureza. Se ben ó importe polo que se fixo este apunte resúltanlle de aplicación as mesmas limitacións que se establecen para o resto dos bens de inmovilizado que fan que o sua valoración sexa irreal. No exercicio 2011 séguiuse o mesmo criterio de xeito que as partidas do orzamento con denominación “Patrimonio público do chan” apuntan contablemente a conta 249. Todo isto debe ser analizado tendo en conta que non se ten feito o cotexo dos bens que figuran no inventario de bens cos importes que reflexan as contas da contabilidade municipal que non necesariamente se axustan a valoración real dos bens existentes no Concello.

A conta 109 “Patrimonio entregado ó uso xeral” é unha conta deudora que representa o valor das inversións entregadas ó uso xeral, e dicir, na que se recolle o importe das inversións destinadas ó uso xeral cando éstas entran en funcionamento e o importe das inmovilizacións materiais cando se afectan ó uso público, do mesmo xeito que faría o apunte inverso no caso de desafectación destas últimas. Os acordos nos que se producen estes feitos indicando claramente o ben de que se trata así como a súa valoración para proceder a efectuar o oportuno apunte contable, como se sinala máis adiante, non son trasladados a este departamento cos datos necesarios, o que impide o contabilización destes feitos, isto tamén ten o seu reflexo na valoración irreal que amosan os saldos das contas de inmovilizado.

Entre os motivos que dan lugar a esta situación sinalar os seguintes:

1. No pleno de 29 de xullo de 2010 aprobouse definitivamente o Inventario de Bens actualizado, no que ademáis deberían recollese separadamente os bens que integran o patrimonio municipal do chan, de xeito que se deberá dar traslado á contabilidade municipal dos datos resultantes do mesmo para que se proceda a adaptación dos saldos contables ós bens existentes conforme ó aprobado no Inventario Municipal. Sinalar tamén, que existe un gran número de acordos que afectan ó inmovilizado de complexa interpretación que as veces resultan de moi difícil ou imposible contabilización, (cesións, adscripcións, permutas, operacións que supoñen altas de bens que integran o patrimonio municipal do chan...), por non recoller todos os datos necesarios para o seu correcto reflexo na contabilidade municipal, non obstante, dende o exercicio 2010, de



todos estos acordos deberase dar traslado o departamento de planeamento e xestión urbanística tal e como se solicitou na circular informativa de 20 de agosto de 2010 para levar a cabo as modificacións precisas no Inventario Municipal de Bens o que permitirá que se coordine dende este servizo co citado departamento todos os acordos que deberán ter o seu reflexo nas contas de inmovilizado. En calquera caso, a adaptación á contabilidade municipal dos datos existentes no inventario municipal non se ten producido no exercicio 2011 e, polo tanto, os saldos que se desprenden da mesma non se axustan a realidade.

2. De conformidade co previsto na regra 7 da nova Instrucción de Contabilidade Local aprobada por Orde EHA/404/2004, de 23 de novembro, nas bases de execución para o exercicio 2011 establecéronse os criterios para a amortización do inmovilizado, non obstante, debido á falta do cálculo da vida útil dos bens pola difícil ou imposible identificación dos mesmos e posto que a valoración dos mesmos non é a real, non se contabilizaron no exercicio 2011 e anteriores as dotacións a amortización. Unha vez actualizados os datos contables do inmovilizado dos que se recollen no Inventario Municipal de Bens, procederase a contabilización das amortizacións segundo os criterios establecidos polo Pleno da Corporación.
- Existen diferencias entre o importe de dereitos pendentes de cobro que resultan da contabilidade municipal e os que se desprenden da recadación municipal como xa se puxo de manifesto no informe á liquidación do Orzamento do exercicio 2011. O análise e interpretación destas diferencias deberá facerse tendo en conta só os datos homoxéneos, isto é, excluindo os dereitos pendentes de cobro correspondentes a recursos non cobrados pola Recadación Municipal (taxa de lixo, taxa de auga, vertidos, sumidoiros, taxa polo servizo da ORA...). Estas diferencias seguen manténdose ata que se leve a cabo a oportuna depuración de saldos.

4.1. ANÁLISE PATRIMONIAL: Estudio da estrutura económica e financeira da Entidade Local.

O balance de situación é o estado básico que serve de soporte ó análise patrimonial, trátase dun documento estático que non permite coñecer a evolución das masas patrimoniais senón a súa situación nun momento determinado.

No activo estudíase a súa composición, as masas patrimoniais agrúpanse de menor a maior liquidez, distinguindo o activo fixo e o activo circulante, ademais deberase efectuar unha análise complementaria para avaliar a súa funcionalidade.

A análise do pasivo céntrase basicamente na consideración do diverso grado de esixibilidade, as masas patrimoniais agrúpanse en pasivos non esixibles e esixibles. Tamén se estudia o seu custe e o equilibrio/desequilibrio financeiro existente (grado de liquidez, solvencia).

O análise complétase coa utilización de ratios que relacionan diversas masas patrimoniais, e que tratan de mostrar a adecuación das estruturas de activo e pasivo e de inversión e financiación.



Débase puntualizar que o significado dos indicadores do Balance de Situación que se utilizan na empresa non se poden aceptar directamente nas entidades locais pola existencia de diversas diferencias entre o sector público e privado (diferente significado dos conceptos de capital e patrimonio, as enaxenacións de inmovilizado son ingresos finalistas non garantizando, polo tanto, a capacidade financeira e solvencia fronte a terceiros, as inversións dos entes públicos non inciden na rentabilidade senón que moitas se materializan en infraestruturas e bens destinados o uso xeral, a forma de prestación dos servizos públicos –directa ou indirecta– altera de forma importante os ratios de estrutura de inversións e financiación).

Por todo o exposto, os ratios non se poden aplicar de forma estandarizada a todas as Entidades senón que se valoraran según as características de cada unha (tamaño e dispersión da poboación, forma de prestación dos servizos...), non obstante, si resulta útil calcular en exercicios sucesivos para unha mesma entidade local os ratios de estrutura patrimonial porque permitirán mostrar sintéticamente a súa evolución.

Ademais, débese ter en conta a existencia de elementos que distorsionan a imaxe da situación patrimonial do Concello que se reflicta no balance de situación e que son os que se sinalaron no apartado deste informe “LIMITACIÓNS Ó ANÁLISE”.

Equilibrio patrimonial:

- Estructura do activo e do pasivo, e comparación coa dos exercicios anteriores.
- As fontes de financiamento deben ser adecuadas ás inversións:

- PF financia o AF e parte do AC.
Débedas a LP financian o AF
Fondos propios financian o resto AF e parte AC.
- PC (débedas a CP) financia resto AC:
AC \geq PC Correcto, pódese atender ós pagos.
AC < PC Precaución, problemas para atender ós pagos.
- FM debe ser positivo ou igual a cero.



	IMPORTE			ESTRUCTURA (%)		
	2011	2010	2009	2011	2010	2009
ACTIVO FIJO	194.607.283,37	179.980.286,00	158.409.961,96	81%	78%	76%
ACTIVO CIRCULANTE	45.952.711,19	51.113.794,57	50.156.197,14	19%	22%	24%
Debedores a curto prazo	12.436.463,27	14.210.410,65	12.594.979,51	5%	6%	6%
Dispoñible	33.516.247,92	36.903.383,92	37.561.217,63	14%	16%	18%
TOTAL ACTIVO	240.559.994,56	231.094.080,57	208.566.159,10	100%	100%	100%
CAPITAIS PERMANENTES	222.878.135,61	209.427.442,57	186.764.865,16	93%	91%	90%
Patrimonio + reservas + resultados	170.142.778,49	165.205.042,11	143.373.906,87	71%	71%	69%
Pasivo a longo prazo	52.735.357,12	44.222.400,46	43.390.958,29	22%	19%	21%
PASIVO CIRCULANTE	17.681.858,95	21.666.638,00	21.801.293,94	7%	9%	10%
TOTAL PASIVO	240.559.994,56	231.094.080,57	208.566.159,10	100%	100%	100%

ESTRUCTURA DO ACTIVO	2011	2010	2009
AF / AT * 100	81%	78%	76%
AC / AT * 100	19%	22%	24%
AF / AC	4,23	3,52	3,16

AF = activo fixo
AC = activo circulante
AT = activo total

ESTRUCTURA DO PASIVO	2011	2010	2009
RP / PT * 100	93%	91%	90%
PLP / PT * 100	22%	19%	21%
PCP / PT * 100	7%	9%	10%
PLP / PCP	2,98	2,04	1,99

RP = rec. permanentes
PT = pasivo total
PCP = pasivo a c/p
PLP = pasivo a l/p

FONDO DE MANIOBRA 2011	
28.270.852,24	RP - AF (recursos permanentes que financian actividade ordinaria)
28.270.852,24	AC - PCP (grado de liquidez da entidade)

Existe equilibrio patrimonial, os recursos permanentes financian a totalidade do inmovilizado e parte do circulante. O Fondo de manioobra real é positivo.

4.2. ANÁLISE FINANCIERO: Estudio do equilibrio financeiro e da solvencia da entidade local.

Concepto e finalidade do análise financeiro.

O análise financeiro estuda o equilibrio financeiro da mesma, a capacidade para cumprir en tempo e forma as súas obrigas con terceiros. O equilibrio financeiro esixe tradicionalmente que o pasivo fixo financie o activo fixo e parte do activo circulante, o que se ven denominando “capital circulante ou fondo de manioobra”, non obstante no análise financeiro local utilizarase o Remanente de Tesourería.

Débase ter en conta a nova formulación do equilibrio financeiro que incorporou para o Sector Público a Lei de Estabilidade Orzamentaria, según a cal as Entidades Locais deberán cumprir o obxectivo de estabilidade orzamentaria tanto na elaboración como na execución e liquidación do orzamento. A estabilidade existe cando se da unha situación de equilibrio ou superávit,



computada en termos de capacidade/necesidade de financiación, (conforme ó Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais – SEC 95)

Con data 22/05/2012 a Subcomisión de Réxime Económico, Financeiro e Fiscal, da Comisión Nacional de Administración Local, adoptou o acordo relativo ó límite do déficit non financeiro, das liquidacións de orzamentos das Entidades Locais do exercicio 2011, ata o que non será necesario presentar plans económicos financeiros de reequilibrio. O déficit máximo será o 4,39% dos ingresos non financeiros (capítulos 1 a 7 do orzamento de ingresos) en termos de dereitos recoñecidos consolidados, de cada entidade, nesta porcentaxe non se incluírá o efecto da liquidación definitiva negativa da participación nos tributos do Estado correspondente ós anos 2008 e 2009.

ANÁLISE DA SITUACIÓN FINANCEIRA BÁSICA OU ESTRUCTURAL.

O obxectivo é determinar o grado de equilibrio financeiro que garante un futuro a medio e longo prazo equilibrado ou, polo contrario, que o desequilibrio poida provocar tensións graves. Supón a posibilidade de poder pagar os gastos e obrigas contraídas nos respectivos vencementos.

	2011	2010	2009
1. RECURSOS PERMANENTES Fondos propios / Esixible a longo prazo	222.878.135,61	209.427.442,57	186.764.865,16
2. ACTIVO FIXO	194.607.283,37	179.980.286,00	158.409.961,96
3. REC. PERM. QUE FINANCIAN ACT.CIRCUL. (1-2)	28.270.870,24	29.447.156,57	28.354.903,20
4. ACTIVO CIRCULANTE	45.952.711,19	51.113.794,57	50.156.197,14
5. % A.C. CUBERTO POR REC. PERM. (3/4)*100	61 %	57 %	56 %

Os datos anteriores, coa matización sinalada das distorsións existentes, reflicta unha situación de equilibrio financeiro.

ANÁLISE DA SITUACIÓN FINANCEIRA NO CURTO PRAZO.

O obxectivo é dispoñer dos medios líquidos suficientes para atender os pagos no momento oportuno.

ANÁLISE DO REMANENTE DE TESOURERÍA.

O Remanente de Tesourería (RT) está integrado polos dereitos pendentes de cobro, as obrigas pendentes de pago e os fondos líquidos, todos eles referidos ó 31 de decembro do exercicio correspondente. As obrigas e dereitos que se utilizan para este cálculo poderán ter orixe en operacións orzamentarias e non orzamentarias.

Nos últimos anos o Remanente de Tesourería víñase considerando unha magnitude de carácter financeiro que cuantificaba e informaba sobre, o excedente ou o déficit de financiación a curto prazo que ten a entidade á fin do exercicio, nembargantes, co novo Plan Contable establécese



unha nova regulación desta magnitude na que a novidade fundamental reside na concepción do Remanente de Tesourería, que destaca o seu carácter orzamentario fronte ó carácter financeiro da súa configuración ata o momento. Dende esta perspectiva, e tal e como o entende a Intervención Xeral da Administración do Estado (IXAE), o Remanente de Tesourería ven a ser a acumulación de resultados orzamentarios de exercicios anteriores e non, como se viña considerando ata o momento, o excedente de liquidez a curto prazo.

As modificacións fundamentais que se inclúen no seu cálculo son:

- Debedores e acreedores por operacións non orzamentarias de tesourería a longo prazo.
- Os cobros pendentes de aplicación minorando os dereitos pendentes de cobro en todos os supostos.
- Os pagos pendentes de aplicación minorando as obrigas pendentes de pago en todos os supostos.
- Exclúense do seu cálculo os acreedores por devolución de ingresos orzamentarios.
- Exclúense do seu cálculo os acreedores por operacións pendentes de aplicar ó orzamento.

O Remanente de Tesourería Total (RTT) está integrado pola suma dos dereitos pendentes de cobro, as obrigas pendentes de pago e os fondos líquidos. O Remanente de Tesourería para gastos xerais (RTGX) obténse pola diferenza entre o RTT os saldos de dubidoso cobro e os excesos de financiamento obtidos nos proxectos de gastos que, como tales excesos, teñen un destino específico que van financiar en posteriores exercicios.

O RTGX, esta magnitude residual e o indicador que básicamente interesa na análise xa que ten incidencia crucial na xestión económica e financeira do Concello. Cando é positiva constitúe un excedente económico que permitirá a financiación de modificacións de crédito no novo orzamento e, pola contra, se é negativa desencadenará decisións de saneamento do déficit obrigatorias tal e como establece o TRLRFL.

A falta de regras concretas para determinar algún dos componentes do RT e a trascendencia práctica que ten este indicador, tanto se é positivo como se é negativo, poden orixinar unha determinación sesgada. Os puntos débiles no cálculo son básicamente dous:

- A determinación dos debedores de dudoso cobro, a este respecto sinalar que xa no exercicio 2008 modificáronse os criterios para o cálculo deste saldo, máis adiante neste informe adxuntase o cadro de cálculo no que se recollen os criterios empregados que son máis restrictivos que os existentes nos exercicios anteriores a 2008 e permiten superar este punto débil.

A ausencia de limitacións na utilización do RTGX positivo non é sensata dende un enfoque económico, permite plantexar o seu emprego na financiación de novos programas de gastos que supoñían obrigas permanentes que deberían cubrirse nos anos seguintes. Isto resalta a necesidade de analizar a natureza do RT para revelar as causas que o orixinan (causas estruturais ou coxunturais, determinación sesgada ou precisa) posto que dito coñecemento facilitará un emprego adecuado do mesmo, así se obedece a causas coxunturais ou excepcionais, só se deberá aplicar a programas de gasto que non impliquen obrigas futuras, dado que non se conta con recursos ordinarios para manter o maior nivel de gasto público, se pola contra, é un Remanente estrutural, pode revelar que a presupuestación non sexa axeitada, xa sexa pola vertente dos ingresos (moi prudente) ou pola do gasto (excesos de consignación ou programas non executables), tamén pode ser que non se teñen articulado as técnicas previstas de



modificación orzamentaria para recoller novos proxectos necesarios cos recursos adicionais que se teñan obtido no exercicio.

	2011	2010	2009	2008
1. FONDOS LIQUIDOS EN TESOURERIA (+)	33.516.247,92	36.903.383,92	37.561.217,63	35.078.866,47
2. DEREITOS PENDENTES DE COBRO (+)	21.442.019,39	24.461.663,69	22.731.090,92	24.243.734,44
Dereitos pendentes de orzamento corrente	7.210.154,15	9.806.521,45	7.810.177,38	7.815.718,10
Dereitos pendentes de orzamentos pechados	13.678.543,97	14.642.989,04	14.773.738,48	16.171.851,47
Pendente de non orzamentario	668.439,67	127.171,60	265.145,50	367.369,64
MENOS: - Ingresos pendentes de aplicación	115.118,40	115.018,40	117.970,44	111.204,77
3. OBRIGAS PENDENTES DE PAGO (-)	10.964.034,31	16.903.494,06	17.290.624,64	11.242.151,09
Obrigas pendentes do orzamento corrente	8.018.374,60	14.207.953,88	13.359.999,55	7.456.800,40
Obrigas pendentes de orzamentos pechados	68.463,59	139.205,64	155.237,30	142.067,84
Pendente de non orzamentario	2.877.196,12	2.556.334,54	3.775.387,79	3.643.282,85
MENOS: - Pagos pendentes de aplicación	0,00	0,00	0,00	0,00
I. REMANENTE DE TESOURERIA TOTAL (1+2-3)	43.994.233,00	44.461.553,55	43.001.683,91	48.080.449,82
II. SALDOS DE DUDOSO COBRO	9.490.290,89	10.851.158,68	10.820.924,86	12.810.793,59
III. EXCESOS DE FINANCIACION	15.177.832,41	16.661.558,48	15.232.944,05	14.240.895,45
IV. REMANENTE DE TESOURERIA PARA GASTOS XERAIS (I-II-III)	19.326.109,70	16.948.836,39	16.947.815,00	21.028.760,78

Respecto ós importes que se recollen nesta magnitude, esta Tesourería remítese ás limitación expostas ó respecto no informe á liquidación do Orzamento Xeral correspondente ó exercicio 2011.

INDICADORES:

	2011	2010	2009
- <u>LIQUIDEZ INMEDIATA</u> = 33.516.247,92 / 10.964.034,31 Fondos líquidos / Obrigas pendentes de pagamento	3,06	2,18	2,17
- <u>SOLVENCIA A C/P</u> = 45.467.976,42 / 10.964.034,31 (Fondos líquidos + dereitos pendentes de cobramento – dudoso cobro) / Obrigas pendentes de pagamento	4,14	2,96	2,86

Estos indicadores representan a capacidade da Corporación para facer fronte ás súas obrigas.

O final do exercicio obsérvase unha elevada dispoñibilidade de tesourería en relación ó pendente de pago, 8.018.374,60 €, isto é debido, fundamentalmente, o feito de que se recoñeceron obrigas por resolucións que levan data 29/12/2011 pero que materialmente foron asinadas e dilixenciadas en xaneiro de 2012, o que imposibilita que o pago material se poida facer dentro do exercicio, entre elas atópanse as seguintes:

- Resolucións da Concellería de Facenda aprobando facturas: 4.736.100,08 €.
- Resolucións aprobando contas xustificativas de subvencións: 169.778,74 €.
- Resolucións aprobando as liquidacións de novembro e decembro da concesionaria de autobuses: 861.489,48 €.
- Resolucións aprobando a convalidación de gastos: 109.650,70 €.
- Resolución nº 8737 que aproba atrasos dos anos 2009, 2010 e 2011 a favor da empresa concesionaria do servizo de auga: 1.204.782,51 €.



Ademais tamén están como obrigas recoñecidas pendentes de pago as seguintes:

- Importe de amortización e intereses de préstamos que se devengan en decembro e o pago material faise o 1 de xaneiro: 157.515,48 €.
- Compra inmoble en r/Baño, 2 e 8, r/ Burgas,7 e r/Villar,5 acordado por Xunta de Goberno Local de data 29/12/2011 e 22/12/2011 para ós que se fixou data de pago en 2012: 625.000,00 €.

CALIDADE DO REMANENTE DE TESOURERÍA: DEBEDORES

1.- Estimación do dubidoso cobro: O Concello ten establecido na Base de Execución nº 58 do Orzamento Xeral do Concello para o exercicio 2011 os criterios para o cálculo dos dereitos de difícil o imposible recaudación. Como xa se sinalou, no exercicio 2008 modificáronse seguindo as diretrices da Intervención Municipal a uns criterios máis restrictivos. O resultado é o seguinte:

EXERCICIO	IMPORTE PENDENTE	PORCENTAXE	DIFICIL OU IMPOSIBLE RECAUDACIÓN
1996	6.565,47	100%	6.565,47
1997	8.687,98	100%	8.687,98
1998	160.091,24	100%	160.091,24
1999	120.252,22	100%	120.252,22
2000	212.400,97	100%	212.400,97
2001	1.076.457,54	100%	1.076.457,54
2002	548.162,02	100%	548.162,02
2003	1.335.695,66	100%	1.335.695,66
2004	776.966,92	100%	776.966,92
2005	1.139.114,12	100%	1.139.114,12
2006	645.807,06	100%	645.807,06
2007	1.202.454,52	100%	1.202.454,52
2008	1.697.280,25	75%	1.272.960,19
2009	1.969.349,96	50%	984.674,98
2010	2.779.258,04	0%	0,00
SUBTOTAL ORZAMENTOS PECHADOS	13.678.543,97		
2011	7.210.154,15	0%	0,00
TOTAL	20.888.698,12		9.490.290,89

2.- Estudio da morosidade: O 65 % do total das débedas pendentes de cobro a 31/12/2011 corresponden a exercicios pechados (13.678.543,97 euros). Respecto dos orzamentos pechados, o importe das anulacións e cancelacións de dereitos por insolvencias e prescripcións ascende a 3.467.665,34 euros, o que supón un 14 % do total pendente de cobro inicial e, os cobros realizados no exercicio ascenderon a 7.303.301,18 euros, supoñendo un 29 % do total pendente de cobro inicial.



3.- Estudio da rotación de debedores:

INDICADOR	CONCEPTO. Dtos cap.I a III	IMPORTE	DIAS
Periodo medio de cobro – 2011	Dtos ptes cobro *365	7.151.171,11	23,3
	Dtos recoñecidos. netos	112.016.587,32	
Periodo medio de cobro – 2010	Dtos ptes cobro *365	9.806.521,45	29,9
	Dtos recoñecidos. netos	119.687.422,57	
Periodo medio de cobro – 2009	Dtos ptes cobro *365	7.694.496,22	21,9
	Dtos recoñecidos. netos	121.402.704,58	
Periodo medio de cobro – 2008	Dtos ptes cobro *365	7.045.793,91	21,9
	Dtos recoñecidos. netos	105.101.132,76	

CALIDADE DO REMANENTE DE TESOURERÍA: ACREEDORES

1.- Estudio dos acreedores do exercicio.

ORZAMENTO	CAPITULOS									%
	1	2	3	4	6	7	8	9	TOTAL	
PECHADOS	0,00	47.066,47	0,00	15.704,63	191,40	5.501,09	0,00	0,00	68.463,59	1%
CORRENTE	35.341,59	4.521.698,83	73.743,60	298.222,95	2.878.924,63	117.901,68	0,00	92.541,32	8.018.374,60	73%
TOTAL	35.341,59	4.568.765,30	73.743,60	313.927,58	2.879.116,03	123.402,77	0,00	92.541,32	8.086.838,19	74%
NON ORZAMENTARIO									2.877.196,12	26%
TOTAL									10.964.034,31	100%

A maior parte dos acreedores corresponden a gastos de funcionamento e gastos de inversión do exercicio corrente.

2.- Estudio da rotación dos acreedores:

INDICADOR	CONCEPTO. Obrigas cap.II e VI	IMPORTE	DIAS
Periodo medio de pago – 2011	Obrigas ptes pago *365	4.521.698,83	16,04
	Obrigas recoñecidas. netas	109.666.710,44	
Periodo medio de pago – 2010	Obrigas ptes pago *365	14.207.953,88	44,24
	Obrigas recoñecidas. netas	117.205.886,54	
Periodo medio de pago – 2009	Obrigas ptes pago *365	12.563.957,87	37,08
	Obrigas recoñecidas. netas	123.652.849,58	
Periodo medio de pago – 2008	Obrigas ptes pago *365	5.382.485,82	18,25
	Obrigas recoñecidas. netas	94.130.362,85	

ANALISE DO DISPONIBLE NA TESOURERIA MUNICIPAL:

1.- Dispoñible por operacións orzamentarias do exercicio corrente.



TESOURERIA	COBROS	PAGOS	DIFERENCIA	% C/P
OP. CORRENTES 1-5	93.379.997,10	83.431.314,36	9.948.682,74	111,92%
OP. CAPITAL 6-7	2.795.492,93	12.975.088,51	-10.179.595,58	21,55%
OP. FINANCEIRAS 8-9	8.630.943,14	5.241.932,97	3.389.010,17	164,65%
TOTAL	104.806.433,17	101.648.335,84	3.158.097,33	103,11%

XESTION INGRESOS	DEREITOS	COBROS	DIFERENCIA	% C/D
OP. CORRENTES 1-5	100.590.151,25	93.379.997,10	7.210.154,15	92,83%
OP. CAPITAL 6-7	2.795.492,93	2.795.492,93	0,00	100,00%
OP. FINANCEIRAS 8-9	8.630.943,14	8.630.943,14	0,00	100,00%
TOTAL	112.016.587,32	104.806.433,17	7.210.154,15	93,56%

XESTION GASTOS	OBRIGAS	PAGOS	DIFERENCIA	% P/O
OP. CORRENTES 1-4	88.360.321,33	83.431.314,36	4.929.006,97	94,42%
OP. CAPITAL 6-7	15.971.914,82	12.975.088,51	2.996.826,31	81,24%
OP. FINANCEIRAS 8-9	5.334.474,29	5.241.932,97	92.541,32	98,27%
TOTAL	109.666.710,44	101.648.335,84	8.018.374,60	92,69%

- Existe unha alta xeración de tesourería de funcionamento (9.948.682,74 €).
- Elevado consumo de tesourería de orzamentos pechados e devolucións de ingresos (14.265.686,64 e 1.275.880,81 € respectivamente).
- O ratio de dispoñibilidade é de 3,06 polo tanto, excesivo.

ANALISE DO RESULTADO ORZAMENTARIO

A principal actividade do Concello, a que se relaciona co cumprimento dos seus fins, refléxase a través da xestión orzamentaria. O Resultado orzamentario constitue un indicador de dita xestión e ven a representar en que grado se xestionaron os gastos e ingresos previstos no orzamento e o déficit ou exceso de financiación que xenerou a xestión orzamentaria.

O Resultado Orzamentario obtense por diferenza entre os dereitos recoñecidos netos e as obrigas recoñecidas netas. Esta diferenza e obxecto de diversos axustes para que o seu valor como indicador sexa significativo, así as desviación de financiación do exercicio dos gastos con financiación afectada e as obrigas que se teñan financiado durante o exercicio co Remanente de Tesourería para gastos xerais do exercicio anterior deberán ser axustadas no Resultado Orzamentario.

A Instrucción de Contabilidade de 2004 aprobou unhas modificacións no seu cálculo que facilitan a análise desta magnitude. Así, o resultado determínase por etapas comparando en primeiro lugar as operacións non financeiras, engade logo a variación de activos financeiros e por último as de pasivos financeiros. Esta simple división favorece a utilización deste indicador como instrumento de medida da estabilidade orzamentaria.



RESULTADO ORZAMENTARIO EXERCICIO 2011 Conceptos	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	AXUSTES	RESULTADO ORZAMENTARIO
a) Operacións correntes	100.590.151,25	88.360.321,33		12.229.829,92
b) Outras operacións non financeiras	2.795.492,93	15.971.914,82		-13.176.421,89
1.- Total operacións non financeiras (a b)	103.385.644,18	104.332.236,15		-946.591,97
2.- Activos financeiros	427.363,54	542.000,00		-114.636,46
3.- Pasivos financeiros	8.203.579,60	4.792.474,29		3.411.105,31
RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO	112.016.587,32	109.666.710,44		2.349.876,88
AXUSTES:				
4.-Créditos gastados financiados con remanente de tesourería para gastos xerais.			6.997.731,90	
5.-Desviacións de financiamento negativas do exercicio			9.876.902,85	
6.-Desviacións de financiamento positivas do exercicio			10.306.995,79	
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO				8.917.515,84

ANÁLISE DA SITUACIÓN FINANCEIRA A LONGO PRAZO.

	CURTO PRAZO (1)	LONGO PRAZO (2)	TOTAL (3)
TOTAL DEBEDA VIVA	6.269.157,18	56.719.659,75	62.988.816,93
ESTRUCTURA	9 %	91 %	100 %

(2) inclúe a operación adxudicada no exercicio 2011 por importe de 4.114.302,63 € non disposta no exercicio, formalizada como póliza de crédito ata 31/12/2012.

NIVEL DE ENDEBEDAMENTO (artigo 53.2 do TRLRFL)	IMPORTE	% S/ DEREITOS LIQUIDADOS POR OP. CORRENTES EXERX. 2011
DEREITOS LIQUIDADOS OP. CORRENTES. EXERCICIO 2011 (cap. 1 a 5)	#####	
débeda viva a 31/12/2011 *	67.230.150,93	
NIVEL DE ENDEBEDAMENTO		66,84%

* inclue a operación proxetada para 2012 (4.241.334,00 €) e a operación adxudicada no exercicio 2011 por importe de 4.114.302,63 € non disposta no exercicio e, formalizada como póliza de crédito ata 31/12/2012.

INDICADOR: Núm. Habitantes: 108.002 dato obtido do INE.

- ENDEBEDAMENTO POR HABITANTE = $58.874.514,30 / 108.002 = 545,12$ €.

Pasivo esixible (financeiro) / N°. Habitantes.

Este é o dato que se recolle nos indicadores económicos do estado MEM21_04 que non inclúe a operación adxudicada no exercicio 2011 por importe de 4.114.302,63 € non disposta no exercicio e, formalizada como póliza de crédito ata 31/12/2012.

- ENDEBEDAMENTO POR HABITANTE = $62.988.816,93 / 108.002 = 583,21$ €.

Débeda viva / N°. Habitantes



A solvencia a longo prazo como comparación entre a débeda a longo co activo fixo solo pode plantexarse si dito activo é realizable. En xeral, a maior parte dos activos das Administracións públicas non o son; sendo os ingresos os que respaldan as súas débedas.

A mellor forma de medir a solvencia a longo prazo e como a corrente de devolución de préstamos con respecto ós ingresos non comprometidos directa ou indirectamente. A este respecto, un indicador constitúe o ratio legal de aforro neto.

CALCULO DO AFORRO NETO. ARTIGO 53.1 DO TRLRFL			
+	DEREITOS RECOÑECIDOS CAPÍTULOS 1 A 5		100.590.151,25
	CAPITULO 1	Impostos directos	43.353.719,75
	CAPITULO 2	Impostos indirectos	3.355.112,75
	CAPITULO 3	Taxas e outros ingresos	24.458.738,80
	CAPITULO 4	Transferencias correntes	28.526.158,93
	CAPITULO 5	Ingresos patrimoniais	896.421,02
-	OBRIGAS RECOÑECIDAS CAPÍTULOS 1,2 E 4		87.187.173,62
	CAPITULO 1	Gastos de persoal	34.222.776,49
	CAPITULO 2	Gastos en bens e servicios correntes	47.654.184,35
	CAPITULO 4	Transferencias correntes	5.310.212,78
+	OBRIGAS RECOÑECIDAS FINANCIADAS CON REMANENTE LIQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS		3.534.394,35
	CAPITULO 1	Gastos de persoal	3.843,28
	CAPITULO 2	Gastos en bens e servicios correntes	3.102.523,54
	CAPITULO 4	Transferencias correntes	428.027,53
-	ANUALIDADE TEÓRICA DE AMORTIZACIÓN		6.411.508,04
	Préstamos avalados a terceiros pendentes de reembolso		
	Préstamos a l/p pendentes de reembolso *		6.411.508,04
	Operación proxectada *		
=	AFORRO NETO		10.525.863,94

** A anualidade teórica de amortización é a que se recolle no anexo núm 27 do proxecto de Orzamento Xeral para o exercicio 2012, tomando o valor actual rentado o 5,5 %.

4.3. ANÁLISE ECONÓMICO.

O análise económico dos Entes Públicos non se pode facer en termos de rentabilidade como na empresa privada, senón en termos de EFICACIA E EFICIENCIA. O estado contable básico para este análise é a Conta de Resultados, conta que tan só representa un índice que informa sobre a variación patrimonial neta e que debe completarse con outros como o Resultado Orzamentario e o Remanente de Tesourería que son instrumentos do análise financeiro, e tamén utilizar outras técnicas de análise económico como por exemplo análise custo – beneficio ou contabilidade analítica.



RESULTADO CORRENTE 2011	INGRESO	GASTO	RESULTADO
	96.919.844,52	91.982.108,14	4.937.736,38
RESULTADO CORRENTE 2010	INGRESO	GASTO	RESULTADO
	113.695.637,01	91.864.501,77	21.831.135,24
RESULTADO CORRENTE 2009	INGRESO	GASTO	RESULTADO
	117.534.361,25	89.101.861,35	28.432.499,90
RESULTADO CORRENTE 2008	INGRESO	GASTO	RESULTADO
	103.699.245,52	85.117.265,32	18.581.980,20

4..4. ANÁLISE ORZAMENTARIO.

Orzamento Inicial: Apróbbase equilibrado resultando un superávit de operacións correntes de 4.943.024,00 € que financiaba o déficit de operacións de capital polo mesmo importe.

Liquidación: A liquidación determina un superhábit de operacións correntes de 12.229.829,92 € e un déficit por operacións de capital de 9.879.953,04 €.

INGRESOS

2011	PREVISIÓN				EXECUCIÓN				
	INICIAL 1	MODIF. 2	% 2/1*100	DEFINITIVO 3 = (1+2)	DTO REC.NET 4	% 4/3*100	COBRADO 5	% 5/4*100	PENDENTE 4-5
1	39.086.201,00	0,00	0	39.086.201,00	43.353.719,75	111	39.845.658,21	92	3.508.061,54
2	3.260.915,00	0,00	0	3.260.915,00	3.355.112,75	103	3.355.112,75	100	0,00
3	23.928.120,47	1.955,68	0	23.930.076,15	24.458.738,80	102	20.815.629,23	85	3.643.109,57
4	25.194.106,17	2.855.089,01	11	28.049.195,18	28.526.158,93	102	28.526.158,93	100	0,00
5	883.368,45	0,00	0	883.368,45	896.421,02	101	837.437,98	93	58.983,04
CORRENTE	92.352.711,09	2.857.044,69		95.209.755,78	100.590.151,25	106	93.379.997,10	93	7.210.154,15
6	4.872.000,00	0,00	0	4.872.000,00		0	0,00	#DIV/0!	0,00
7	1.972.123,28	4.198.374,57	213	6.170.497,85	2.795.492,93	45	2.795.492,93	100	0,00
8	606.000,00	30.695.136,39	5.065	31.301.136,39	427.363,54	1	427.363,54	100	0,00
9	4.114.302,63	6.538.041,25	159	10.652.343,88	8.203.579,60	77	8.203.579,60	100	0,00
CAPITAL	11.564.425,91	41.431.552,21		52.995.978,12	11.426.436,07		11.426.436,07		0,00
TOTAL	103.917.137,00	44.288.596,90	43	148.205.733,90	112.016.587,32	76	104.806.433,17	94	7.210.154,15

Execución do orzamento de ingresos: **CONSIDERACIONES**

A relación entre os dereitos liquidados e previsións definitivas nas operacións correntes e do 106 % o que supón un alto nivel de fiabilidade nas previsións de ingresos correntes.

En operacións de capital a relación anterior débese analizar capítulo a capítulo, destacar o feito de que a execución do capítulo 6 correspondente á enaxenación de inversión é do 0 %, se ben a porcentaxe que representaba respecto das previsións definitivas totais non é moi relevante (3,28 %), aparte do sinalado, o baixo nivel de execución está distorsionado en parte polas modificacións orzamentarias no capítulo 8 financiadas con Remanente de Tesourería sobre as que non se recoñecen dereitos, tamén terás en conta que o préstamo previsto no capítulo 9 de ingresos concertouse no exercicio 2011, pero non se disporá ata o ano 2012.



GASTOS

2011 CAPITULO	PREVISIÓN				EXECUCIÓN				
	INICIAL 1	MODIF. 2	% 2/1*100	DEFINITIVO 3 = (1+2)	OBRIG. REC 4	% 4/3*100	PAGOS TOT 5	% 5/4*100	PTE PAGO 4-5
1	34.548.663,20	1.154.741,37	3	35.703.404,57	34.222.776,49	96	34.187.434,90	100	35.341,59
2	45.946.672,89	8.452.366,98	18	54.399.039,87	47.654.184,35	88	43.132.485,52	91	4.521.698,83
3	1.623.337,00	-320.000,00	-20	1.303.337,00	1.173.147,71	90	1.099.404,11	94	73.743,60
4	5.291.014,00	462.478,67	9	5.753.492,67	5.310.212,78	92	5.011.989,83	94	298.222,95
CORRENTE	87.409.687,09	9.749.587,02		97.159.274,11	88.360.321,33	91	83.431.314,36		4.929.006,97
6	9.411.575,33	31.701.942,57	337	41.113.517,90	14.512.360,91	35	11.633.436,28	80	2.878.924,63
7	1.492.786,58	2.834.061,79	190	4.326.848,37	1.459.553,91	34	1.341.652,23	92	117.901,68
8	756.000,00	3.005,52	0	759.005,52	542.000,00	71	542.000,00	100	0,00
9	4.847.088,00	0,00	0	4.847.088,00	4.792.474,29	99	4.699.932,97	98	92.541,32
CAPITAL	16.507.449,91	34.539.009,88	209	51.046.459,79	21.306.389,11	42	18.217.021,48		3.089.367,63
TOTAL	103.917.137,00	44.288.596,90	43	148.205.733,90	109.666.710,44	74	101.648.335,84	93	8.018.374,60

Execución do orzamento de gastos: **CONSIDERACIÓNS**

O grado de execución do orzamento corrente ascende o 91 %, en consecuencia aceptable. Nas operacións de capital as modificacións a alza supoñen un 209 %, un importe moi elevado pero o grado de execución final e baixo, un 42 %.

INDICADORES ORZAMENTARIOS: Os indicadores orzamentarios están recollidos na Memoria da Conta Xeral e son os seguintes:

Do orzamento corrente:

EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS =

109.666.710,44/148.205.733,90 = 0,74

Obrigas recoñecidas netas / Créditos definitivos
(2010 = 0,74 ; 2009 = 0,74 ; 2008 = 0,71 ; 2007 = 0,76)

REALIZACIÓN DE PAGAMENTOS =

101.648.335,84/109.666.710,44 = 0,93

Pagamentos líquidos / Obrigas recoñecidas netas
(2010 = 0,88 ; 2009 = 0,89 ; 2008 = 0,92 ; 2007 = 0,93)

GASTO POR HABITANTE =

109.666.710,44/108.002 = 1.015,41

Obrigas recoñecidas netas / núm. Habitantes
(2010 = 1.078,52 ; 2009 = 1.147,67 ; 2008 = 879,52 ; 2007 = 800,05)

INVESTIMENTO POR HABITANTE =

15.971.914,83/108.002 = 147,89

Obrigas recoñecidas netas (Cap. VI-VII) / núm. Habitantes



(2010 = 225,93 ; 2009 = 308,48 ; 2008 = 115,61 ; 2007 = 92,37)

ESFORZO INVESTIDOR =

15.971.914,82/109.666.710,44 = 0,15

Obrigas recoñecidas netas (Cap. VI-VII) / Obrigas recoñecidas netas
(2010 = 0,21 ; 2009 = 0,27 ; 2008 = 0,13 ; 2007 = 0,11)

PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO =

(8.018.374,60*365/109.666.710,44) = 26,69

Obrigas pendentes de pagamento / Obrigas recoñecidas netas 365
(2010 = 44,25 ; 2009 = 39,44 ; 2008 = 18,25 ; 2007 = 18,25)

PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO (Capítulo 2 e 6) =

(7.400.623,46*365/62.166.545,26) = 43,45

Obrigas pendentes de pagamento* / Obrigas recoñecidas netas * 365 (*Obligs. Cap. II e VI)
(2010 = 69,06 ; 2009 = 61,18 ; 2008 = 18,25 ; 2007 = 18,25)

EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS =

112.016.587,32/148.205.733,90 = 0,76

Dereitos recoñecidos netos / Previsións definitivas
(2010 = 0,76 ; 2009 = 0,72 ; 2008 = 0,80 ; 2007 = 0,88)

REALIZACIÓN DE COBRAMENTOS =

104.806.433,17/112.016.587,32 = 0,94

Recadación neta / Dereitos recoñecidos netos
(2010 = 0,92 ; 2009 = 0,94 ; 2008 = 0,92 ; 2007 = 0,92)

AUTONOMÍA =

88.150.062,69/112.016.587,32 = 0,79

Dereitos recoñecidos netos (Cap. I-III, V, VI, VIII) máis transferencias recibidas (conta 750)/
Dereitos recoñecidos netos totais
(2010 = 0,75 ; 2009 = 0,73 ; 2008 = 0,63 ; 2007 = 0,61)

AUTONOMÍA FISCAL =

65.015.495,14/112.016.587,32 = 0,58

Dereitos recoñecidos netos (ingr. de natureza tributaria) / Dereitos recoñecidos netos totais
(2010 = 0,52 ; 2009 = 0,51 ; 2008 = 0,57 ; 2007 = 0,57)

PERÍODO MEDIO DE COBRAMENTO =

7.151.171,11*365/71.167.571,30 = 36,68

Dereitos pendentes de cobramento* / Dereitos recoñecidos netos * 365
* Dereitos de cobramento Cap. I, II, III.
(2010 = 51,95 ; 2009 = 43,10 ; 2008 = 21,90 ; 2007 = 25,55)

SUPERÁVIT ou DÉFICIT POR HABITANTE =

8.917.515,84/108.002 = 82,57



Resultado orzamentario axustado / nº de habitantes
(2010 = 90,73 ; 2009 = 92,26 ; 2008 = 124,91 ; 2007 = 155,95)

CONTRIBUCIÓN DO ORZAMENTO Ó REMANENTE DE TESOURERÍA =
8.917.515,84/19.326.109,70 = 0,46

Resultado presupostario axustado/ Remanente de tesourería para gastos xerais
(2010 = 0,58 ; 2009 = 0,59 ; 2008 = 0,63 ; 2007 = 0,87)

De orzamentos pechados:

REALIZACIÓN DE PAGAMENTOS =
14.265.686,64/14.334.150,23 = 1,00

Pagamentos realizados / Saldo inicial de obliqs. (+/- Modificacións e anulaciones)
(2010 = 0,99 ; 2009 = 0,98 ; 2008 = 0,97 ; 2007 = 0,86)

REALIZACIÓN DE COBRAMENTOS =
7.303.301,18/20.981.845,15 = 0,35

Cobramentos / Saldo inicial de dereitos (+/- modificacións e anulaciones)
(2010 = 0,29 ; 2009 = 0,30 ; 2008 = 0,27 ; 2007 = 0,21)

Ourense, 15 de xuño de 2012
A Tesoureira

Sandra Alvarez Suárez.